



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AUGAS DE GALICIA. SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

María Elia Paz Eijo solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.75220

As obras solicitadas consisten na construción dun muro de contención de terras no predio con referencia catastral 27019A03300227000TT; na zona de policía dun rego innomado; no lugar de Morgallón, na parroquia de Santiago de Fazouro, no concello de Foz (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Foz ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, a xefa do Servizo Territorial de Lugo P.S. 18/08/2021 O xefe do Servizo Territorial da Zona Hidrográfica Galicia-Norte, Néstor Rodríguez Arias.

R. 2673

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE RÉXIME INTERIOR, PROMOCIÓN DO TERRITORIO E TURISMO

Anuncio

CANDIDATURAS GALARDOADAS COS PREMIOS "LUGO CAMBIA AO TURISMO LUCENSE" E "...E PARA COMER, LUGO Á GASTRONOMÍA LUCENSE" (ANUALIDADE 2021)

Con data 10 de setembro de 2021, a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou a concesión dos premios "Lugo Cambia ao Turismo Lucense" e "...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense" para a anualidade 2021. Para dar cumprimento a dito acordo, así como ao establecido nas bases da convocatoria destes premios, dáse publicidade ás candidaturas galardoadas no Boletín Oficial da Provincia:

- Premios "Lugo Cambia ao Turismo Lucense":
 - o Aldea Rural O Mazo.
 - o Viveiro ante o berce.
 - o Páxina web turística "Terras de Burón" dos Concellos de Ribeira de Piquín, Negueira de Muñiz e A Fonsagrada.
 - o Xeoparque Mundial UNESCO Montañas do Courel
- Premio "...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense":
 - o Asociación de criadores de Raza Porcina Celta (ASOPORCEL)

Lugo, 10 de setembro de 2021.- O Presidente, José Tomé Roca. O Secretario Xeral, P.S. José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2674

CONCELLOS CASTROVERDE

Anuncio

Que polo Sr. Alcalde con data 6 de agosto de 2021, ditouse a seguinte resolución, aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de agosto de 2021, e exponse ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Castroverde, 13 de setembro de 2021.- O Alcalde, José María Arias Fernández.

R. 2675

GUITIRIZ

Anuncio

LISTA PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS NO EXPEDIENTE DE SELECCIÓN DE 1 LIMPADOR/A FIXO-DESCONTINUO MEDIANTE OPOSICIÓN LIBRE. EXPTE 228/2021.

Por Decreto de alcaldía de data 09/09/2021 aprobouse a seguinte lista provisional de persoas admitidas e excluídas á convocatoria para a selección de limpador/a fixo-descontinuo mediante oposición libre (OEP complementaria 2020, art. 19. Uno.2.3.7.LOXE 2018):

Aspirantes admitidos/as:

Apelidos e nome	Lingua exame	Exento/a proba galego
Abella Sánchez, Mónica	Galego	Si
Álvarez Rodríguez, Elena	Castelán	Si
Arias Loureiro, María Paz	Castelán	Si
Bello Varela, Josefa	Galego	Si
Fernández García, Laura	Castelán	Si
Fernández García, Melodi	Castelán	Non
García Miragaya, Mónica	Galego	Si
García Torres, Nélica	Galego	Si
Iglesias García, Josefa	Castelán	Si
Neira Palacios, Cristina	Castelán	Si
Permuy Sánchez, María Cristina	Castelán	Si
Pita Piñón, María Isabel	Galego	Si
Raposo Cabo, María Consuelo	Castelán	Si
Salgueiro Novo, José Carlos	Castelán	Non
Santamarina Porto, Lucía	Castelán	Si
Trastoy Cortiñas Ana María	Castelán	Non
Vázquez Bugallo, Mercedes	Galego	Non
Veiga Casal, María Carmen	Galego	Si

Aspirantes excluídos/as:

Apelidos e nome	Causa exclusión
Amenedo Servia, Pilar	Non achega DNI en vigor
Fernández Vázquez, María Elsa	Solicitud presentada fora de prazo
Sánchez Villamor, Ana Belén	Non achega titulación esixida
Varela España, Gabriel	Solicitud presentada fora de prazo

De conformidade coa base 5.2. das bases da convocatoria, durante o prazo máximo de 10 días hábiles, dende a publicación da lista provisional no BOP de Lugo, de conformidade co previsto no art. 68 da Lei 39/2015 as persoas interesadas poderán corrixir os defectos a que alude no referido artigo, e formular reclamacións á lista

provisional. De non presentar solicitude de rectificación ou reclamación no indicado prazo, decaerá no seu dereito, sendo excluído/a definitivamente.

No dito Decreto acordouse publicar a resolución no taboleiro de edictos, web e sede electrónica municipal e no BOP de Lugo para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Guitiriz, 9 de setembro de 2021.- A Alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 2676

Anuncio

LISTA PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS NO EXPEDIENTE DE SELECCIÓN DE 1 FUNCIONARIO/A AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A DE SERVIZOS SOCIAIS MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN LIBRE. EXPTE 249/2020.

Por Decreto de alcaldía de data 08/09/2021 aprobouse a seguinte lista provisional de persoas admitidas e excluídas á convocatoria para a selección de 1 funcionario/a auxiliar administrativo/a de servizos sociais mediante concurso-oposición libre (OEP de 2020, estabilización de emprego temporal, art. 19. Uno.9.LOXE 2018):

Aspirantes admitidos/as:

Apelidos e nome	Lingua exame	Exento/a proba galego
Abelleira Lence, Susana María	Castelán	Si
Ares Campello, Sandra María	Castelán	Si
Ares García, María del Carmen	Castelán	Si
Ares López, Josefa	Galego	Si
Calvo Morado, Cristina	Galego	Si
Díaz Díaz, Josefa	Castelán	Si
Fernández García, Laura	Castelán	Si
García García, Ana María	Castelán	Si
González Martínez, Leticia	Castelán	Si
González Salum, Leila Solange	Castelán	Si
Iglesias Espiñeira, María Vanesa	Castelán	Si
Losada Vázquez, Roberto	Castelán	Si
Lozano Pardiño, Pablo José	Castelán	Si
Maceiras García, Noelia	Castelán	Si
Muñiz García, Graciela	Castelán	Si
Pita Piñón, María Isabel	Galego	Si
Portela Barreiro, Margarita	Galego	Si
Rey Abrodos, Mónica	Galego	Si
Ríos Pena, Xesús Manuel	Galego	Si
Rodríguez Cabañas, Miguel	Castelán	Si
Saavedra Cotilla, Xacobe	Castelán	Si
Sanmartín Alonso, Eugenia Manuela	Galego	Si
Sanmartín García, María Elena	Castelán	Si
Sanmartín Porto, Lucía	Castelán	Si
Varela Fernández, María Lorena	Galego	Si
Vázquez Bugallo, Mercedes	Galego	Non
Villar López, Iris	Castelán	Si

Aspirante excluída:

Apelidos e nome	Causa exclusión
Reino Rey, Alba Andrea	Non consta pago da taxa

De conformidade coa base 5.2. das bases da convocatoria, durante o prazo máximo de 10 días hábiles, dende a publicación da lista provisional no BOP de Lugo, de conformidade co previsto no art. 68 da Lei 39/2015 as persoas interesadas poderán corrixir os defectos a que alude no referido artigo, e formular reclamacións á lista provisional. De non presentar solicitude de rectificación ou reclamación no indicado prazo, decaerá no seu dereito, sendo excluído/a definitivamente.

No dito Decreto acordouse publicar a resolución no taboleiro de edictos, web e sede electrónica municipal e no BOP de Lugo para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Guitiriz, 9 de setembro de 2021.- A Alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 2677

LUGO

Anuncio

Formada polo Órgano de Xestión Económico-Financeira e informada pola Intervención Xeral a Conta Xeral do exercicio 2020, e ditaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas na sesión de data 14 de setembro de 2021, de acordo co disposto no art. 212.3 do Real Decreto-Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, exponse ó público por prazo de quince días, podendo ser examinado o expediente, en horas de oficina, na Tesourería Municipal. Durante dito prazo os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións. Examinados estes, de ser o caso, pola Comisión Especial e practicadas por ésta cantas comprobacións estime necesarias, emitirá novo informe. Acompañada dos informes da Comisión Especial e, de ser o caso, das reclamacións, reparos e observacións formulados, o expediente da Conta Xeral elevarase ó Pleno da Corporación para a súa aprobación, se procede, e sen prexuízo do seu sometemento posterior á fiscalización externa do Tribunal de Cuentas.

Lugo, 14 de setembro de 2021.- A ILMA. TENENTE DE ALCALDESA DELEGADA DA ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, Mercedes Paula Alvarells Fondo.

R. 2682

NEGUEIRA DE MUÑIZ

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data do 01.09.2021, aprobouse o padrón fiscal correspondente ó mes de agosto de 2021 do Servizo de Axuda no Fogar a través da Lei de Dependencia polo importe de 300,66 €, e Programa Básico de Axuda no Fogar polo importe de 230,66 €.

Por medio do presente exponse ó público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio no BOP, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento do presente anuncio, que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no Regulamento Xeral de Recadación e na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Negueira de Muñiz, 6 de setembro de 2021.- O Alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 2678

RIBADEO

Anuncio

BASES ESPECIFICAS REGULADORAS PARA O ACCESO A UN POSTO DE AUXILIAR DE ADMINISTRACION XERAL CON CARÁCTER INTERINO.

1.-OBJECTO DA CONVOCATORIA.-

O obxecto das presentes bases é a cobertura temporal baixo o réxime de interinidade dun posto de traballo da RPT municipal sinalado co número 0102, funcionario, por atoparse vacante o mesmo (artigo 10. 1 a) do EBEP)

2.-CARACTERÍSTICAS DO POSTO:

Grupo. Grupo C2. Nivel CD: 16

Clasificación: Administración Xeral. Subescala Auxiliares.

Adscripción: Area Económica.

Posto: Auxiliar de Administración Xeral.

3.FUNCIÓNS DO POSTO DE TRABALLO.

As funcións do posto de traballo que se convoca serán as recollidas na RPT/municipal para este posto:

0102.-Auxiliar de Intervención.- C2. Correspóndenlle as funcións de colaboración en actividades administrativas propias dun Auxiliar de Administración Xeral nas seguintes materias: en materia de gastos, o seguimento e colaboración no proceso fiscalizador do mesmo; en materia de ingresos, a emisión de cargos non emitidos por outras dependencias e o control dos mesmos, a comprobación da correcta aplicación de datas, tanto por ingreso como por baixas; en materia de Patrimonio, o control dos movementos de masas patrimoniais; en materia de análises de custos, o mantemento permanente dos elementos de custo dos servizos. Todo iso sempre baixo as directrices da Intervención Xeral. Calquera outra función propia do seu cargo ou categoría.

O posto estará sometido ao réxime de incompatibilidades segundo o disposto na Lei 53/1984, de 26 de decembro de incompatibilidades do persoal das Administracións Públicas, no Estatuto Básico do Empregado Público e demais disposicións de aplicación.

4. SISTEMA DE SELECCIÓN: concurso-oposición .

5.NÚMERO DE PRAZAS QUE SE CONVOCAN: Unha

6.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

a) Xerais: Os establecidos con carácter xeral no artigo 56 e concordantes do Estatuto Básico do Empregado Público (RDL 5/2015 de 30 de outubro polo que se aproba o TR da Lei).

b) Específicos.

1.Titulación académica: Título de ensinanza secundaria obrigatoria (ESO), Graduado Escolar ou titulación semellante ou superior.

Todos os requisitos esixidos deben posuílos os/as aspirantes o día que remate o prazo para presentar as solicitudes e conservalos, polo menos, ata a data do seu nomeamento como funcionario interino, no seu caso.

7.Presentación de instancias.-

As instancias, solicitando tomar parte no proceso selectivo, dirixiranse á Alcaldía-Presidencia.

Presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Ribadeo debidamente cumprimentadas, durante o prazo de **vinte días naturais** contados dende o seguinte ao de publicación do anuncio de cada convocatoria no Boletín Oficial (Diario Oficial de Galicia- DOG). Poderán asimesmo remitirse na forma establecida na Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo común das AA.PP.

Para ser admitidas e, no seu caso, tomar parte nas probas selectivas, as persoas aspirantes manifestarán nas súas solicitudes que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos nestas Bases, referidos sempre como máximo ao día no que remate o prazo de presentación de instancias.

Os aspirantes con minusvalía igual ou superior ao 33% deberán indicalo expresamente na solicitude.

Igualmente as persoas aspirantes comprometéense, no caso de ser propostos para o correspondente nomeamento, a prestar xuramento ou promesa de acordo co que determina o Real Decreto 707/1979, de 5 de abril.

Á instancia acompañarase **inexcusablemente** a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do DNI ou documento equivalente.
- Titulación, no seu caso, que acredite o cumprimento deste requisito.
- No caso de concurso de méritos, acompañarase unha relación circunstanciada dos méritos que aleguen pola orde que se estableza na correspondente convocatoria, uníndose a dita relación os documentos xustificativos dos mesmos (orixinais ou fotocopias compulsadas).

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados en todos os seus extremos, no momento de remate do prazo de presentación de solicitudes.

8.-Admisión de aspirantes. Data e lugar de celebración das probas.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes ditarase resolución pola que se declarará aprobada a listaxe provisional de admitidos e excluídos, con indicación das causas de exclusión, así como o prazo para subsanación de erros que será de 10 días hábiles.

O prazo de emenda non é de aplicación con respecto dos méritos alegados pero non aportados para o caso dos concursos ou fase de concurso. A corrección de erros, poderase emendar de oficio ou a instancia de parte de acordo co art. 109.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro citada.

Dita resolución será publicada no Boletín Oficial da Provincia así como no Taboleiro de anuncios do Concello e web municipal www.ribadeo.gal.

Quen non presente a solicitude de subsanación ou reclamación no indicado prazo decaerá no seu dereito sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

Rematado o prazo ditarase resolución pola que se aproba a listaxe definitiva, resoltas as reclamacións que no seu caso se produzan, e indicárase igualmente o lugar e data de comezo do primeiro exercicio e orde de actuación dos aspirantes publicándose no BOP e taboleiro de anuncios así como a composición do Tribunal.

Igualmente constará a citación ao tribunal para que se constitúa e proceda á valoración dos méritos da fase de concurso.

Se en calquera momento posterior á aprobación da listaxe definitiva, incluso durante a celebración das probas se advertise nas solicitudes inexactitude ou falsidade que fora causa de exclusión ésta considerárase defecto insubsanable e resolverá dita exclusión.

Unha vez comezadas as probas non será obligatoria a publicación da celebración das sucesivas probas no BOP, sendo suficiente a súa exposición no taboleiro de anuncios e web municipal.

Dende a terminación dunha proba e ata o comezo da seguinte deberá transcurrir un prazo mínimo de 48 horas e un máximo de 40 días.

9. Exercicios.

Fase de oposición: Consistirá en 3 exercicios que terán carácter obrigatorio:

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na tradución directa do castelán ao galego dun texto proposto polo órgano de selección inmediatamente antes de celebrarse o exercicio, nun tempo máximo de 10 minutos, e sen axuda de dicionario.

Cualificarase coma APTO ou NON APTO. Quen cometa máis de 20 faltas de ortografía resultará Non apto.

***Quedarán exentos de celebrar este exercicio aqueles aspirantes que aporten antes da súa celebración título oficial de coñecemento do idioma galego Celga 3 ou equivalente, debidamente homologado, correspondente ao nivel de estudos esixidos para participar nas probas selectivas, segundo a Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014.**

Segundo Exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá nun exercicio tipo test de 20 preguntas que versará sobre as materias comprendidas no programa Anexo II desta convocatoria.

O tempo máximo para realizar esta proba será de 40 minutos.

Cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario para superar este exercicio obter como mínimo 5 puntos.

Cada resposta acertada terá un valor de 0,50 puntos.

Cada dúas respostas mal contestadas ou en branco descontárase unha acertada.

Terceiro exercicio. Proba práctica.

Este exercicio terá carácter práctico, e consistirá en resolver durante unha hora un ou varios supostos prácticos, de entre as opcións propostas polo tribunal.

Os supostos, referidos a cometidos propios da praza convocada, terán relación coas materias específicas do temario do programa anexo II.

Este exercicio cualificaranse de 0 a 10 puntos e será preciso acadar un mínimo de 5 puntos para superalo.

Fase de concurso: Cualificarase esta fase de acordo cos méritos aportados polos aspirantes e segundo se especifica no ANEXO I destas Bases e sen que a cualificación poida exceder de 4 puntos na súa totalidade.

Esta fase non ten carácter eliminatorio nin se terá en conta para superar as probas da fase de oposición.

Esta fase cualificaráse so á aqueles aspirantes que superen a fase de oposición.

Cualificación final: A cualificación de cada aspirante nos diferentes exercicios da oposición do proceso selectivo será o resultado da media aritmética das puntuacións outorgadas por todos os membros do Tribunal ou a determinada de común acordo polo conxunto dos seus membros.

A puntuación total do proceso selectivo será a suma das cualificacións da fase de oposición e de concurso.

10. Tribunal Cualificador.

Estará constituído polas seguintes persoas:

Presidente: D.^a Maria Cristina González Santín, Interventora municipal de Ribadeo.

Suplente: D. Juan Hernando Rosa Ruiz, Secretario-Interventor do Concello de Bóveda.

Vogais:

Titular: D.^a Maria Jesús Díaz Amor, Administrativa do Concello de Ribadeo.

Suplente: Dona Monica Barcia Paredes, AEDL do Concello de Ribadeo.

Titular: D. José Luis Gegunde López, Traballador Social do Concello de Ribadeo.

Suplente: D.^a María Jesús Rañón Ríos, Bibliotecaria Municipal

Titular: Patricia Coence Antelo, Tesoureira municipal de Ribadeo.

Suplente: D.^a Luis Maria Couceiro Rodríguez, Avogada do CIM de Ribadeo.

Secretario con voz e sen voto:

D. José Rodil Veiga, Técnico de Administración Xeral do Concello de Ribadeo.

Suplente: D. Jose Antonio Carro Asorey, Secretario Xeral do Concello de Ribadeo.

O Tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten no non previsto nestas bases e para tomar os acordos necesarios para a boa orde das probas.

Aplicarase igualmente a lexislación básica do Estado sobre Función Pública e o R.D. 896/1991 polo que se establecen as regras e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de persoal funcionario de Administración Local.

No non previsto nelas, a regulamentación para o ingreso na Función Pública da Comunidade Autónoma de Galicia e supletoriamente, o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración do Estado.

11.- Relación de aprobados.-

Unha vez rematada a cualificación das persoas aspirantes o Tribunal publicará por orde de puntuación a relación de aprobados e elevará dita relación ao órgano competente do Concello aos efectos da tramitación do correspondente nomeamento.

O Tribunal cualificador non poderá propoñer o acceso á condición de funcionario interino a un número superior de aprobados ao de postos ou prazas convocadas, neste caso unha.

12.- Presentación de documentos.

A persoa proposta aportará, dentro do prazo de vinte días naturais contados a partir da publicación da lista de aprobados, os seguintes documentos:

1.- Fotocopia (que deberá presentarse co orixinal para compulsar) do seu Documento Nacional de Identidade ou documento que o substitúa.

2.- Copia autenticada ou fotocopia (que deberá presentarse co seu orixinal para compulsar) do título ou no seu caso, diploma en base ao cal se procedeu á súa admisión ou xustificante de ter cumprido os requisitos para a expedición do mesmo.

3.- Certificado acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto ao que aspira. No supostos de persoas con discapacidade observarase tamén o que establece o apartado da Base duodécima.

4.- Certificado de antecedentes penais.

5.- Declaración complementaria de conduta cidadá.

6.- Declaración responsable de non ter sido separado dos servizos do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais mediante expediente disciplinario nin e atopar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme.

7.- Declaración responsable de non se atopar incurso en ningún dos supostos de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

8.- Declaración responsable de non incurrir en ningún dos supostos de incompatibilidade do persoal ao servizo das Administracións Públicas segundo a Lei 53/1984, de 26 de decembro e normativa de desenvolvemento da mesma.

9.- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social (para o caso de haber estado de alta na mesma).

8.- Número de conta bancaria.IBAN

O aspirante cun grao de minusvalía igual ou superior ao 33% que supere a oposición deberá ademais acreditar tal condición mediante certificación dos órganos competentes así como a compatibilidade e desempeño das tarefas do posto.

Para o suposto de que tivera a condición de funcionario ou empregado público, estará exento de xustificar documentalmente as condicións e requisitos xa demostrados para obter o seu anterior nomeamento debendo presentar certificación do Ministerio ou Organismo de que dependa, acreditando a súa condición e demais circunstancias que consten no seu expediente persoal ou folla de servizos.

13. Nomeamento e toma de posesión.-

Quen no prazo indicado non presente a documentación indicada (salvo casos de forza maior), non poderá ser nomeado funcionario interino, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que poida incurrir por falsidade na instancia solicitando tomar parte no proceso selectivo.

O aspirante nomeado funcionario deberá tomar posesión no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao que lle sexa notificado o nomeamento, quedando en situación de cesante cando, sen causa xustificada, non o fixese dentro do prazo sinalado.

O nomeamento como funcionario/a interino/a será publicado no Diario Oficial de Galicia.

14.-Lexislación de aplicación.-

Real Decreto Leislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Ley 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local, na redacción dada pola Lei 11/99.

R.D. Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, que aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Decreto 95/1991, do 20 de marzo, da Comunidade autónoma de Galicia pola que se aproba o

regulamento de selección de persoal e Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado.

Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, que aproba as regras básicas e programas mínimos a que se debe axustar o procedemento de selección dos funcionarios da administración local.

Orde APU/1461/2002, do 6 de xuño, pola que se establecen as normas para a selección e nomeamento de persoal funcionario interino e demais disposicións concordantes de aplicación.

15.- Bolsa de traballo.-

Todas as persoas que superen o proceso de selección e non resulten contratadas, serán incluídas nunha bolsa de traballo para as futuras contratacións que resulten necesarias a fin de cubrir temporalmente as *baixas por enfermidade, maternidade, etc*, ordeadas segundo a puntuación obtida.

O integrante da bolsa que obteña un contrato de traballo causará baixa na bolsa, e unha vez que finalice o seu contrato de traballo co Concello volverá causar alta na bolsa de emprego no posto da mesma que lle corresponda en relación cos puntos obtidos.

A renuncia a un posto de traballo ofertado suporá o pase do aspirante ao último lugar da bolsa de emprego, salvo que conorra unha das seguintes circunstancias:

- Parto, baixa por maternidade ou situacións asimiladas.
- Enfermidade grave que impida a asistencia ao traballo, sempre que se acredite debidamente.
- Exercicio de cargo público representativo que imposibilite a asistencia ao traballo.

Esta bolsa de emprego terá a vixencia máxima de 4 anos.

E no momento da súa utilización os aspirantes deben presentar toda a documentación que acredite o cumprimento de todos os requisitos esixidos.

16.- Recursos.-

Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado desta orde de Lugo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación. Igualmente, poderá interpoñerse, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes, contado dende o día seguinte á recepción desta notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses, e no caso de que non se resolvera expresamente o prazo para interposición será de seis meses, contados dende que se produza o acto presunto. Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.”

ANEXO I**BAREMO DE MÉRITOS PARA A FASE DE CONCURSO.**

Nesta fase valoraranse os méritos acreditados polos aspirantes ata un máximo de 4,00 puntos, segundo o seguinte baremo:

A) Coñecemento e experiencia profesional podendo ser valorada no seu conxunto ata un máximo de 2,00 puntos.

1.1) Polo tempo de prestación de servizos como auxiliar administrativo ou administrativo nunha administración local ou organismos ou entidades dependentes ou participadas pola mesma, a razón de 0, 10 puntos por mes completo.

1.2) Polo tempo de prestación de servizos como auxiliar ou administrativo nunha administración pública distinta da local ou organismos ou entidades dependentes ou participadas pola mesma, a razón de 0, 05 puntos por mes completo.

1.3) Polo tempo de prestación de servizos como auxiliar ou administrativo nunha empresa privada, a razón de 0, 02 puntos por mes completo.

A acreditación da experiencia efectuarase documentalmente da seguinte forma

-Apartados 1.1) e 1.2) mediante certificado de servizos emitido polo órgano competente da Administración de que se trate.

-Apartado 1.3), mediante a vida laboral xunto co contrato de traballo ou certificación de empresa ao efecto..

B) Cursos: Podendo ser valorados no seu conxunto ata un máximo de 2,00 puntos.

1.- Cursos relacionados co posto de traballo a desempeñar, impartidos pola Administración Pública ou Entidades dela dependentes ou homologados por éstas, coa seguinte valoración, ata un máximo de 2,00 puntos:

Cursos de mais de 100 horas.....0,75 puntos.

Cursos de 70 a 100 horas.....0,50 puntos.

Cursos de 40 a 69 horas..... .0,20 puntos.

Cursos de 15 a 39 horas..... .0,10 puntos.

Cursos de menos de 15 horas0,05 pntos.

- Os cursos /xornadas/ diplomas nos que non apareza o número de horas, non se valorarán.

ANEXO II**PARTE XERAL.-**

- A Constitución Española de 1978. Estrutura e contido esencial. Procedemento de reforma.
- Os dereitos e deberes fundamentais. A súa consideración na Constitución. A protección dos dereitos fundamentais no ámbito nacional.
- As Cortes Xerais. Composición e funcións. Regulación e funcionamento das cámaras: os regulamentos parlamentarios.
